



CONTRATACIÓN DE TAREFAS DE MANTEMENTO ADAPTATIVO DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA. (EXPEDIENTE: 16/42)

1. DESCRICIÓN DA NECESIDADE


Actualmente o Consello de Contas ten desenvolvida a sede electrónica, regulada na Resolución do 28 de abril de 2014 pola que se fai público o acordo do Pleno do 22 de abril polo que se aproba a creación da sede electrónica do Consello de Contas de Galicia, do selo electrónico e do código seguro de verificación.

A comezos do 2016 Oracle anunciou que o plugin de Java desaparecería da próxima versión do JDK e JRE (versión 9). E máis recentemente para o mes de abril de 2016 os navegadores xa non soportaran o plugin java e con isto afecta ao módulo de firma implementado na sede electrónica.

Dado que o proxecto inicial de desenvolvemento da sede electrónica venceu o seu período de garantía, é necesario contratar as modificacións do código php, e adaptar a sede electrónica para que funcione co módulo de sinatura sen facer uso do plugin de java.

1.1 DESCRICIÓN TÉCNICA DA SITUACIÓN ACTUAL

A continuación se mostra a arquitectura da sede electrónica actual do Consello.



CONCON-SEDE

É a máquina que proporciona o servizo web da sede.



Características técnicas:

- Sistema operativo: Debian
- Servidor web: Apache
- Xestor de contidos: Drupal
- Xestor de bases de datos: MySQL
- Compoñente de firma: MiniApplet de @firma

CONCON23

Máquina intermedia que proporciona os web services necesarios para a operativa dos trámites electrónicos. As características técnicas non son relevantes xa que expoñen a súa funcionalidade a través de Web Services.

CONCON27

Máquina que aloxa o rexistro electrónico do Consello de Contas. As características técnicas non son relevantes xa que expoñen a súa funcionalidade a través de Web Services.

1.2 DESCRIPCIÓN DOS TRÁMITES

A sede permanecerá sen modificacións, excepto na parte relativa aos trámites electrónicos.

Na sede do Consello se poderán remitir escritos e documentación ao rexistro do órgano por vía telemática, con todas as garantías establecidas pola lexislación vixente.

Devolverá un acuse de recibo que conterá a identificación da oficina de rexistro, o número de rexistro asignado, a data e hora de presentación, os datos do remitente e unha copia autenticada do escrito, solicitude ou comunicación de que se trate.

A inserción dunha anotación telemática efectúa os seguintes pasos:

- 1) O usuario accede á sede telemática
- 2) O usuario accede ao rexistro telemático dentro da sede. Este paso necesita autenticación por certificado dixital dalgún dos tipos listado no apartado Sistemas de sinatura electrónica admitidos.
- 3) O usuario accede á páxina de entrada do rexistro telemático. Datos a aportar (* obrigatorios):
 - a. Datos do interesado
 - i. NIF/CIF, Nome e Apelidos (*) (obtidos a partir do certificado dixital)
 - b. Datos da entidade (se o interesado representa a unha entidade)
 - i. CIF
 - ii. Nome
 - c. Datos a efectos de notificación
 - i. Dirección postal (*)
 - ii. Email de contacto (*)



- d. Datos da solicitude
 - i. Trámite (*)
 - ii. Asunto (*)
 - iii. Exposición
 - e. Ficheiros anexos (PDF, DOC, DOCX, JPG, ODT), un máximo de 3 documentos de 1 MB cada un.
- 4) O usuario envía os datos cubertos
 - 5) O sistema presenta un formulario de confirmación de datos, indicando os datos cubertos e os resumos SHA-1 dos documentos aportados, o cal debe ser firmado electronicamente polo emisor cun dos certificados admitidos pola sede. Non se firmarán os documentos anexos, só os seus resumos electrónicos.
 - 6) O rexistro retorna unha páxina web na que se poderá descargar os acuses de recibo. A dita páxina mostrará:
 - a. Un resumo textual de todos os datos aportados: datos do interesado, entidade, notificación, solicitude, anexos e as súas firmas SHA-1 asociadas
 - b. Unha confirmación dos datos da anotación inserida no rexistro: Número de rexistro asignado (libro, ano e número de asento), data e hora de rexistro, data e hora de presentación
 - 7) Unha ligazón á descarga do acuse en formato PDF. Este documento estará firmado dixitalmente co selo do órgano e estampado co código CSV en cada páxina

2. DESCRIPCIÓN DO TRABALLO A REALIZAR

Os traballos de desenvolvemento a realizar implicarán modificar os seguintes elementos:

- Módulos de Drupal relativos aos trámites (PHP)
- Modificación do despregue do MiniApplet de @firma

As modificacións poderán optar por dúas solucións:

- Modificación dos módulos actuais. Neste caso se requirirá a entrega do código dos módulos actuais limpos, eliminando as referencias e pasos innecesarios, e deixando o código mínimo necesario para o novo funcionamento.
- Desenvolvemento de módulos novos equivalentes aos actuais

2.1. ELIMINACIÓN DOS APPLETS JAVA

Actualmente os applets están sendo utilizados en dous puntos da sede:

- Na entrada aos trámites que requiren certificado, para validar o certificado de usuario
- Na confirmación do envío do trámite, unha vez cubertos todos os campos, para firmar a petición

Na entrada dos trámites, os applets serán substituídos pola correspondente configuración de Apache, coa que indicaremos, a partir dun patrón de URL, todos os servizos que



requirirán certificado de cliente para ser accedidos. A configuración do servidor Apache será realizada polos técnicos do Consello de Contas, correspondendo ao adxudicatario informar do patrón de URL de acceso aos servizos con certificado (en caso de que fora modificado respecto ao actual).

Na firma, se modificará o despregue do MiniApplet @firma para que a carga directa de Autofirma, de forma que todas as operacións de firma deleguen en Autofirma e os clientes de firma móbiles instalados no equipo de usuario. A integración será dual a través de socket SSL e de servidor intermedio.

3 CONDICIÓN DA EXECUCIÓN

O Consello de Contas facilitará calquera outra información necesaria sobre os módulos software a modificar que sexa relevante para a configuración da oferta.

Estimación de tempo

Os traballos a realizar executaranse entre 2 e 5 xornadas.

Perfil técnico

O perfil técnico para a realización deste traballo será un analista-programador con coñecemento en php (mínimo experiencia 3 anos) e coñecemento na implantación de módulos de firma en procedementos electrónicos (mínimo experiencia 3 anos)

4 ORZAMENTO E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

A estimación de prezo é de 1.244 euros sen IVE (1.505,24 IVE incluído).

5 PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Por razón da súa contía, o presente contrato configúrase como un contrato menor. O Consello de Contas cursará un mínimo de tres invitacións directas para presentar oferta. Ao tempo, co obxecto de garantir unha concorrencia que redunde nunha maior eficiencia do gasto realizado, anunciarase a presente licitación no perfil do contratante do Consello de Contas (<http://www.consellodecontas.es>). Tanto nun como noutro caso fíxase un prazo de 10 días hábiles para a presentación de ofertas, a contar desde o día seguinte ao de publicación e recepción da invitación a participar.

Transcorrido o prazo de 10 días, á vista das ofertas recibidas, procederase á adxudicación do contrato. A adxudicación atenderá ao seguinte:

Planificación técnica: Os licitadores presentarán unha planificación dos traballos a realizar, indicando o tempo e os recursos humanos que empregarán, sen prexuízo de que inclúan calquera outro dato ou circunstancia que estimen procedente (a estimación total empregada para a determinación do tipo foi de 40 h). A solución técnica proposta non



será obxecto de ponderación. A Institución, atendendo á información facilitada, valorará se os tempos de traballo e a súa distribución gardan unha relación congruente entre si e respecto da finalidade pretendida coa contratación. De non ser así, a proposta non será admitida.

Prezo: A razón da súa menor contía, entre as proposicións admitidas.

6 PAGAMENTO

O pagamento do contrato realizarase á recepción dos traballos tras proba de validación polo Servizo de Informática, previa presentación de factura regulamentaria e recepción de conformidade desta, nos termos e condicións previstos nos artigos 216 e concordantes do TRLCSP.

O Consello de Contas emprega como punto de entrada automatizada para as facturas que lle sexan emitidas o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que pode acceder desde https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/. O Código de Unidade de Contratación é o 1666. Este código ou o literal do nome da Institución serán identificación suficiente para a presentación da factura.

7 DEMORA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO

De executarse os traballos con demora por causa imputable ao contratista, aplicarase unha penalización económica diaria de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, podendo o órgano de contratación resolver este cando o importe da penalización acade ou supere o 5% do seu prezo

8 PRAZO DE GARANTÍA

Conforme ao preceptuado no art. 305.2 do TRLCSP, o contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato. O período de garantía que afecta a estes supostos será de dun ano.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2016

O secretario xeral acctal



Consello de Contas de Galicia
SECRETARIA XERAL

Manuel Santana Suárez

Conforme, apróbase
O conselleiro maior

11/05/16



Consello de Contas de Galicia
CONSELLEIRO MAIOR

José Antonio Redondo López



ANEXO I.- MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

Identificación do contrato: Contrato menor para a realización de tarefas de mantemento adaptativo na sede electrónica do Consello de Contas.

(Expediente: 16/42)

D/Dna. con
DNI en nome propio ou en representación da
empresa con
CIF nº.

DECLARO RESPONSABLEMENTE (marque cada casa segundo corresponda):

- (Só en caso de declaración asinada polo representante da entidade) Que estou facultado para efectuar a presente oferta en nome da entidade ofertante.
- Que o licitador ofertante coñece e acepta na súa integridade o prego de condicións que serve de base a presente contratación.
- Que o licitador que efectúa a oferta reúne todas as condicións esixidas para contratar coa Administración e comprométese a cumprir o contrato con estrita suxeición ao prego e a súa oferta.

PLANIFICACIÓN TÉCNICA: Incluir a planificación técnica conforme ao establecido na cláusula 5.

OFERTA ECONÓMICA

Prezo máximo total ofertado: (sen IVE)

..... (IVE)

Prezo máximo total ofertado (IVE incluído).

En, a ... dede (Lugar e data)

Sinatura: